



Concello de Vigo

Xunta de Persoal

REGULAMENTO REITOR DO FUNCIONAMENTO DA XUNTA DE PERSOAL.

Artigo 1º.- A Xunta de Persoal é un órgano de representación dos funcionarios e das funcionarias municipais que está integrado por todos os delegados funcionariais electos, de conformidade co disposto no art.39 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), Lei 9/1987, do 12 de xuño, sobre órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das Administracións Públicas, Real Decreto 1846/1994, do 9 de setembro, polo que se aproba o regulamento de eleccións aos órganos de representación do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado, Artigo 156 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia, artigo 49 do Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos funcionarios do Concello de Vigo (en adiante, o “Acordo regulador”), aprobado polo Pleno do Concello na sesión plenaria do 28.12 de 1998 (DOG núm. 76, do 22 de abril de 1999), e Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical.

A Xunta de persoal, como órgano de carácter representativo, carece de funcións negociadoras, limitándose o contido dos seus cometidos ás labores de interlocución, control da actividade municipal, información e promoción das accións administrativas e xudiciais que expresamente lle reservan os artigos 157 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia e o artigo 40 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Artigo 2º.- O seu domicilio localízase no propio edificio consistorial do Concello de Vigo, situado na Praza do Rei, s/n., desta cidade.

Artigo 3º.- A Xunta de persoal está integrada polo **Pleno da Xunta de Persoal**, que estará conformado e constituído, por imperativo legal, pola totalidade dos/as delegados/as funcionariais que resultaron electos trala celebración das correspondentes eleccións sindicais.

Entre os seus membros será designado unha Presidencia e unha Secretaría, que ocuparán, á súa vez, a Presidencia e Secretaría da Mesa da Xunta de Persoal.

A **Mesa da Xunta de Persoal** é un órgano de traballo da Xunta de Persoal, composto por cinco delegados electos previsto no artigo 49 do Acordo Regulador vixente.

Artigo 4º.- Son funcións do Presidente:

a) Ostentar a representación da Xunta de Persoal diante do Concello ou calquera outra administración, de conformidade coa lexislación vixente.

b) Convocar as sesións plenarias e fixar a orde do día, na que se incluírán os temas acordados na Mesa da Xunta de Persoal, que actuará como Comisión Permanente de funcionamento do Pleno.

c) Presidir as sesións do Pleno e da Mesa da Xunta de Persoal.

d) Moderar os debates e suspendelos por causas xustificadas.

e) Visar as actas.

f) Dirimir co seu voto os empates

g) Executar os acordos tomados polo Pleno da Xunta de Persoal e facer que todos os membros os respecten.

h) Informar ao Pleno da Xunta de Persoal sobre toda a documentación recibida e remitida pola Xunta de Persoal.

i) Invitar ás sesións do Pleno ás persoas que considere directamente afectadas polos puntos da orde do día. Así mesmo poderá invitar, coa aprobación do Pleno, a membros do cadro de persoal dos/as empregados/as públicos/as municipais para prestar asesoramento técnico nos asuntos tratados.

j) Exercer as accións xudiciais e administrativas que así lle encomendase realizar o Pleno da Xunta de Persoal, dando conta a este órgano no primeiro Pleno que se convoque.

Artigo 5º.- Ademais, a Xunta de Persoal contará cun órgano auxiliar, a **Mesa da Xunta de Persoal**, cuxa natureza xurídica non é outra que a dun órgano de traballo colexiado de natureza sindical, previsto no artigo 49 do vixente Acordo Regulador das Condicións Económicas e sociais do persoal funcionario ao servizo do Concello de Vigo, e que

contará con ata un máximo de **cinco membros liberados** para o desenvolvemento das funcións sindicais e representativas, e sen que consuman crédito horario, elixidos polo Pleno da Xunta de persoal.

A Presidencia e a Secretaría deste órgano de traballo recaerán sempre no Presidente e Secretario/a da Xunta de Persoal.

A Mesa da Xunta de Persoal contará cos seguintes tres membros adicionais: unha vicepresidencia, unha vicesecretaría e unha vogalía.

A designación destes cinco cargos corresponde aos delegados electos da Xunta de Persoal, por maioría simple dos membros asistentes.

Artigo 6º.- Ás reunións da Mesa da Xunta de Persoal non serán públicas, se ben si poderán asistir o resto de persoas delegadas electas e de sección sindical que non teñan a condición de membros da Mesa.

Nas reunións da Mesa pode intervir, previa petición, persoal funcionario do concello para expoñer problemas relacionados cos seus postos de traballo.

Artigo 7º.- Correspóndelle á persoa que ocupe o posto da Vicepresidencia da Mesa da Xunta de Persoal substituír en todas as funcións á Presidencia da Xunta de Persoal no caso de vacante, de ausencia ou de enfermidade, desempeñando as funcións ata a incorporación da persoa titular da Presidencia. Así mesmo, colaborará con esta nas tarefas que acorden.

Artigo 8º.- A Secretaría da Xunta de Persoal exercerá as funcións da Secretaría do Pleno da Xunta de Persoal e máis da Mesa da Xunta de Persoal.

Son funcións do/a Secretario/a:

a) Efectuar a convocatoria das sesións por orde do/a Presidente/a dos Plenos da Xunta de Persoal, así como das xuntanzas da Mesa da Xunta de Persoal.

b) Preparar o despacho dos asuntos e redactar as actas das sesións.

c) Recibir os actos de comunicación dos membros do órgano e, polo tanto, as notificacións, as peticións de datos, as rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.

d) Notificar as convocatorias das reunións de todos os órganos da Xunta de Persoal e a cada sindicato.

e) Levar e custodiar os libros e os documentos.

f) O Secretario/a encargarse, tamén, de todo o relacionado cos arquivos da Xunta de Persoal

g) Expedir as certificacións dos acordos aprobados.

h) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de Secretario/a.

Artigo 9º.- Nas actas faranse constar os delegados e delegadas sindicais asistentes das distintas seccións, así como un resumo das respectivas intervencións. Constatarase, igualmente, a identidade das demais persoas que puideran asistir ás xuntanzas, indicando o lugar, o día e a hora da celebración, as distintas deliberacións realizadas e, de ser o caso, a forma e o resultado das votacións e os acordos.

De non se realizar a sesión pola falta de asistentes, a Secretaría fará constar os nomes das persoas non asistentes.

Artigo 10º.- Correspóndelle á Vicesecretaría da Xunta de persoal substituír en todas as funcións á Secretaría en caso de vacante, ausencia ou enfermidade, desempeñando as funcións ata a incorporación da persoa titular da Secretaría e colaborar con esta nas tarefas que acorden.

Artigo 11º.- Correspóndelle á vogalía da Mesa da Xunta de Persoal colaborar co resto dos membros da Xunta de persoal nas tarefas que se acorden.

Artigo 12º.- As sesións do Pleno da Xunta de Persoal poden ser ordinarias ou extraordinarias.

Son ordinarias as sesións que se celebren o terceiro martes de cada mes, ás 12 horas, con ese carácter.

Son sesións extraordinarias as convocadas pola Mesa da Xunta de Persoal con tal carácter, por iniciativa propia ou por solicitude dun mínimo de dous sindicatos que contén cun mínimo dun 25% de membros na Xunta de Persoal. A solicitude farase por escrito, asinada polas persoas que a subscriben e cos puntos da orde do día e a data de realización que non será menor a 24 horas nin superior a 5 días hábiles despois da presentación do escrito.

Na orde do día dos Plenos ordinarios incluírase sempre o punto de xestións e como punto final o de varios e preguntas.

Serán nulos os acordos adoptados nas sesións ordinarias ou nas extraordinarias sobre calquera asunto non incluído na orde do día, agás nos casos que se deban incorporar por razóns de urxencia, previamente apreciada pola maioría dos membros da Xunta de Persoal presentes.

No transcurso dos debates, a Presidencia, a petición dun mínimo de dous sindicatos, interromperá a sesión para as oportunas deliberacións.

As sesións dos Plenos son públicas e pode intervir o persoal traballador en activo do Concello que previamente o solicite, trala intervención da quenda dos/as delegados/as de persoal, para expoñer os problemas relacionados cos seus postos de traballo.

No caso de non existir quórum na segunda convocatoria, a Presidencia posporá os asuntos que tiñan que ser tratados, para a primeira sesión que se realice.

Artigo 13.- Ao comezo das sesións, a Presidencia indicará se algunha persoa membro do Pleno ten algunha observación que facer en relación coa acta da sesión anterior.

No caso de habelas, incluírase na acta seguinte, de non haber observacións a acta considérase aprobada.

Calquera sindicato poderá solicitar a retirada, inclusión ou o aprazamento dalgún punto da orde do día, que o Pleno someterá a votación e que se acordará coa maioría das persoas presentes.

Os acordos serán tomados pola maioría simple das persoas presentes, agás o establecido para a aprobación do regulamento de funcionamento e a moción de censura á presidencia.

O voto é persoal e intransferible, sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.

O voto pode ser afirmativo, negativo ou de abstención.

Cada persoa delegada poderá solicitar que conste na acta o sentido do seu voto.

Só terán dereito a voto as persoas delegadas electas.

Artigo 14.- Poderase exercer a delegación de voto por escrito, por causas debidamente xustificadas en calquera outro membro da Xunta de Persoal, sempre e cando quede expresamente constancia no acto de delegación do sentido do voto en referencia aos concretos puntos da orde do día que haberán de someterse a votación.

O escrito de delegación de voto deberá presentarse ante a Mesa da Xunta de Persoal.

Artigo 15.- Os acordos adoptados vincularán a todos os membros da Xunta de Persoal, podendo calquera dos mesmo expresar o seu voto particular na acta.

Artigo 16.- As votacións realizaranse sempre a man alzada, agás que o propio órgano decidise, por unanimidade dos membros presentes, facelo en sobre pechado.

Artigo 17.- As actas deberán ser difundidas, para coñecemento xeral de todas as persoas traballadoras polos medios que se estimen axeitados.

En todo caso, respectarase a confidencialidade dos asuntos de natureza persoal e o nome das persoas afectadas.

Artigo 18.- Son dereitos/deberes dos compoñentes da Xunta de Persoal:

a) Asistir ás reunións da Xunta, tanto ordinarias como extraordinarias, así como ás comisións para as que fosen designados. b) Expresar con total liberdade a súa opinión nos debates que se susciten no seo da Xunta, así como respectar ás opinións dos demais membros e o resultado das votacións. c) Presentar á Xunta de Persoal por escrito todas as propostas, os informes e as incidencias que consideren oportuno para o ben dos seus representados. d) Cumprir os labores e as xestións encomendadas polo Pleno ou polas Comisións. e) Responder dos actos cometidos, como tal representante, no exercicio das súas funcións, ante a propia Xunta de Persoal e ante os seus representados. f) Responder dos acordos tomados pola Xunta de Persoal. g) Gardar secreto sobre aqueles asuntos ou deliberacións que sexan declarados segredos pola maioría absoluta dos membros ou que afecten á intimidade das persoas. h) Calquera outro que pode emanar da súa condición de delegado.

Artigo 19.- Calquera funcionario/a ou grupo de funcionarios/as que consideren lesionados os seus dereitos ou detecten unha situación de inxustiza, poderá poñelo en coñecemento da Xunta de Persoal, por escrito. Todas as reclamacións deberán ser postas en coñecemento do/da Presidente/a, do/a Secretario/a e demais membros da Xunta de Persoal. A Xunta de Persoal, a través dos seus órganos, levará a cabo as actuacións tendentes ao esclarecemento dos feitos denunciados e, de ser o caso, ao restablecemento dos dereitos lesionados, notificándoselle aos reclamantes as xestións realizadas, así como o seu resultado, sinalándose as actuacións legais que procedesen en caso de persistir a situación de prexuízo para as persoas funcionarias.

Artigo 20.- Os/as funcionarios/as poderán someter á consideración da Xunta de Persoal calquera iniciativa encamiñada a mellorar as súas condicións de traballo, a xestión dos asuntos sociais ou sobre calquera outra materia que afecte os seus intereses. O procedemento para seguir será o mesmo que o establecido para as reclamacións.

Artigo 21.- Todo funcionario/a, ademais da información que emane dos órganos da Xunta de Persoal ten dereito a ser informado polos seus membros, na medida dos seus coñecementos, de calquera asunto no que teña interese. A Xunta de Persoal, a través dos seus

órganos, informará puntualmente dos acordos que adopte, así como das xestións realizadas coa Administración. A información efectuarase mediante comunicacións por correo electrónico, páxina web da Xunta de Persoal, mediante a presenza física nas asembleas de funcionarios, ou por calquera outro medio idóneo.

Artigo 22.- A Xunta de Persoal convocará anualmente, como mínimo, unha asemblea con carácter ordinario para informar de todos os asuntos tratados pendentes coa Administración.

Artigo 23.- As propostas que realice a Xunta de Persoal trasladaráselle, a través do Portelo electrónico, á Concellería ou departamento municipal competente por medio da súa Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría ou órgano no que delegue o Pleno.

Artigo 24.- Os cesamentos e substitucións dos compoñentes da Xunta de persoal, regularanse polo disposto na lexislación vixente.

Artigo 25.- O desempeño do labor do/a Presidente/a estará suxeita a moción de censura. Para que esta prospere, deberá ser acordada pola maioría absoluta dos membros da Xunta de Persoal. A moción de censura deberá ser motivada e presentada por un terzo dos compoñentes da Xunta, e incluírá a proposta dun/unha candidato/a a Presidente/a. Nun prazo de dez días hábiles someterase a votación a dita moción de censura. Os signatarios da devandita moción non poderán presentar outra durante os doce meses seguintes.

Artigo 26.- A Presidencia pode expor ao Pleno a cuestión de confianza. A confianza entenderase outorgada pola maioría simple dos membros da Xunta.

Artigo 27.- O funcionamento da Xunta de persoal artellado neste Regulamento configúrase sen prexuízo da posibilidade de se aprobar a regulación e o funcionamento dun órgano de representación conxunto para todo o colectivo de empregados/as municipais, en cuxo caso a incorporación dos membros da Mesa da Xunta de persoal ao devandito órgano de representación conxunto entenderase feita na condición de membros da Xunta de persoal e en representación desta última.

A tales efectos a Xunta de persoal poderá acordar que o proceso de interlocución coa Administración municipal se canalice, de forma conxunta, cos órganos de representación do persoal laboral, de conformidade co previsto nos artigos 148.2 e 152. 2 da lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e 36.3 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en correlación cos artigos 31.3 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (*“Por representación, a los efectos de esta ley, se*

*entiende la facultad de elegir representantes y **constituir órganos unitarios** a través de los cuales se instrumente la interlocución entre las Administraciones Públicas y sus empleados”) e 15.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (“Los órganos colegiados de las distintas Administraciones Públicas en que participen organizaciones representativas de intereses sociales, así como aquellos compuestos por representaciones de distintas Administraciones Públicas, cuenten o no con participación de organizaciones representativas de intereses sociales, **podrán establecer o completar sus propias normas de funcionamiento**”),*

Esta canle de interlocución terá por finalidade que os debates e o tratamento das propostas das actuacións que afecten ao colectivo dos empregados e das empregadas municipais permita unha visión integradora e harmónica dos problemas laborais de todo o cadro de persoal.

Artigo 28.- O presente Regulamento poderá ser reformado total ou parcialmente, pola maioría de dous terzos dos seus membros.

Artigo 29.- Este Regulamento entrará en vigor o mesmo día da súa aprobación polo Pleno da Xunta de Persoal.